

EIXE 2 | A Recuperación como meta

Programa de prevención do suicidio na UTA de Vigo.

Entidade executante

Asociación viguesa de alcoholoxía. ASVIDAL.

Ámbito territorial

Vigo (Pontevedra)

Persoas destinatarias

Unidade de Tratamento de Alcoholismo, Tabaquismo, Ludopatía e Adiccións Comportamentais de Vigo. Prevense 800 persoas beneficiarias

Obxectivos

Xerais:

Redución da incidencia e prevalencia da conduta suicida (ideación e tentativa autolítica) mediante a detección precoz, en paciente que estean a tratamento neste Servizo.

Establecer unha abordaxe terapéutica integrada e eficiente de prevención e intervención.

Específicos:

Asegurar a transición entre servizos a través de contactos de apoio e da mellora dos procesos de continuidade da atención entre servizos.

Realizar un cribado a todos os pacientes adultos que acoden de forma rutineira ás devanditas unidades e que presenten psicopatoloxía activa e / ou que presenten un consumo activo dalgunha substancia.

Implementar capacitación sobre o vínculo entre suicidio e abuso de alcol entre os diferentes profesionais implicados

Metodoloxía

Entrevista Clínica de Avaliación do risco suicida con todos/as pacientes que estean a tratamento na unidade de tratamento de alcoholismo, tabaquismo, ludopatía e adiccións comportamentais de Vigo.

Derivación á unidade de prevención do suicidio de Vigo.

Ofrecer información psicoeducativa a pacientes e familiares.

Organización dunha xornada sobre prevención do suicidio.